

ASEMBLEA VIRTUAL COTSG 2021

- [Instrucións de acceso](#)

Como en toda Asemblea Xeral organizada polo COTSG, 15 días antes da súa celebración **recibirás no seu correo electrónico** (o que nos consta na nosa base de datos asignado ao seu número de colexiación, lembre, é fundamental manter os datos actualizados) unha mensaxe coa convocatoria de reunión. Nel constará a **data, a hora, o espazo virtual de celebración da reunión e a orde do día que seguirá a mesma.**

Neste caso, o espazo que utilizaremos para realizar a Asemblea Xeral será a plataforma de videochamadas ZOOM.

INSTRUCCIÓNS DE ACCESO Á PLATAFORMA ZOOM

Tras esta pequena introdución, imos detallar os pasos que seguiremos para que poidas acudir á Asemblea Xeral Virtual do COTSG.

1 A semana previa á realización da Asemblea, recibirá no seu correo electrónico de colexiada/o a ligazón de acceso á plataforma. É persoal e intransferible. Neste mesmo correo, indícase a hora á que se poderá acceder á plataforma e a hora de inicio da Asemblea. Ademais, achegaremos de novo as instrucións de acceso á mesma.

Seremos moi respectuosas co horario para non demorar nin o inicio nin o fin da Asemblea.

Se é a primeira vez que accede a esta plataforma, suxerímoslle que acceda á mesma no primeiro momento no que esta se abra. Desta forma, poderemos facer todas as comprobacións que considere, por exemplo, probas de son e de cámara, por se quere intervir durante a Asemblea.

Para acceder á sesión debes identificarte co teu número de colexiada/o e o teu nome.

Ademais, no caso de que non se identificara correctamente indicando o seu nome e número de colexiada, a persoa que coordina a reunión, a través do chat ou a viva voz, solicitaralle que se identifique. Soamente estarán presentes as persoas colexiadas debidamente identificadas.

2 Unha vez accedes á plataforma e realizásemos as comprobacións de son, a persoa que coordina a reunión pechará todos os micrófonos para que non haxa distorsións durante a presentación, e lembrará a necesidade de ter a cámara acesa e operativa.

Recorda, é fundamental que manteña pechado o seu micrófono durante a sesión. **Para realizar unha pregunta**, terá que solicitalo a través do Chat e a organización daralle paso. Neste momento, poderá abrir o seu micrófono, formular a consulta e pechará de novo o mesmo. Mesmo, se lle é máis cómodo, poderá expor a súa dúbida a través do chat directamente.

3 Para realizar as votacións, utilizarase o sistema de votacións da plataforma Zoom, garantindo a máxima operatividade. A persoa que organice a sesión visualizará as preguntas nas vosas pantallas con varias opcións dispoñibles con unha única opción de resposta. Dará un tempo prudencial para responder.

Unha vez finalizado o tempo de resposta, a Secretaría do COTSG comunicará os votos positivos, negativos ou abstencións.

Non se terá en conta ningún outro voto comunicado por outro medio, ao non ser que exista calquera incidencia extraordinaria. Neste senso, estará habilitado durante a Asemblea o número do COTSG 981.56.81.00 para calquera incidencia.

Se non está debidamente identificada a persoa colexiada na plataforma, o seu voto tampouco será tido en conta.

4 Segundo establecen os nosos Estatutos no Título V Dos Órganos de Goberno do Colexio, Capítulo I. Asemblea Xeral, Artigo 30, apartado 4 *“Todas as persoas colexiadas teñen o dereito de asistir con voz e voto ás asembleas xerais que se celebren, e admitirase a representación e o voto por delegación, mediante autorización escrita e para cada asemblea, a dita delegación debe necesariamente recaer noutra persoa colexiada*

Só serán válidas as representacións entregadas á/o Secretaria/o antes de dar comezo a Asemblea”.

En definitiva, para delegar un voto durante a Asemblea Xeral Virtual, terá que enviar o modelo que lle facilitaremos na convocatoria da Asemblea, ao correo de info@traballosocial.gal antes da data indicada. Se non está debidamente asinado, tampouco se terá en conta a participación na Asemblea.